



PROXECTO DE VOLUNTARIADO MUNICIPAL

Instruccións para participar no concurso de fotografía. Aves e fotografía no Pazo de Mariñán. 19 de agosto.

1. Poderán presentarse todas as persoas interesadas que estivesen inscritas e participasen na actividade de Aves e fotografía organizada polo equipo de voluntariado municipal do Concello de Bergondo o día **19 de agosto de 2018**.
2. Haberá un único premio: a fotografía gañadora do concurso ampliada e enmarcada.
3. A fotografía enviaráse entre os días **20 e 22 de agosto** por correo electrónico ao enderezo serezabel.rodriquez@bergondo.gal A xeito de acuse de recibo, a técnica municipal responsable responderá cunha mensaxe de correo electrónico confirmando a recepción. Ata que non reciba esta mensaxe, a persoa solicitante non poderá dar por feita a súa participación. (As fotografías deberán presentarse en formato JPG)
4. As/os concursantes deberán achegar xunto coa fotografía a seguinte información:
 - a. Nome e apelidos.
 - b. Número do DNI.
 - c. Teléfono de contacto e enderezo electrónico.
 - d. En caso de ser menor de idade, autorización asinada con DNI da/o nai/pai ou titor/a.
 - e. Título da fotografía.
5. Cada persoa participante poderá presentar só unha fotografía. Non se admitirán series fotográficas.
6. Non se admitirán fotomontaxes ou fotografías retocadas dixitalmente, se ben serán admitidos axustes de brillo, contraste e cor empregados para mellorar a calidade da imaxe.
7. No caso de que aparezan menores de idade as/os concursantes deberán dispoñer da correspondente autorización da nai ou pai ou do/a do titor/a legal.
8. Selección da fotografía gañadora por parte dun xurado constituído por tres persoas:
 - a. 2 persoas voluntarias representantes do equipo de voluntariado municipal.
 - b. A técnica municipal responsable do Programa de voluntariado e participación comunitaria.
9. O fallo do concurso farase público o día **24 de agosto de 2018** a través da páxina web do Concello de Bergondo. Con anterioridade comunicaráselle individualmente á persoa premiada.
10. Se o xurado o estimase oportuno o premio podería quedar deserto.

Para calquera dúbida sobre o concurso pódese chamar ao 981.79.12.52 ext. 3 de luns a venres de 9h a 15h ou escribir un correo electrónico a serezabel.rodriquez@bergondo.gal